

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico reúnese con carácter ordinario no Pazo provincial ás 12:55 h do día 23 de xaneiro de 2026, baixo a presidencia de **D. JORGE CUBELA LÓPEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, D.ª LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ, D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA, D.ª MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO, D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA, D. MARCOS GUIASOLA PADÍN, D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ, D.ª DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ, D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ, D.ª NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO e D.ª BEATRIZ LOMBA RODRÍGUEZ**, en substitución de D.ª MARÍA ORTEGA IÑARREA, coa seguinte orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 19 de decembro de 2025.

2.- DAR CONTA DAS BASES DO PROGRAMA EDUCATIVO DE VISITAS GUIADAS PARA CENTROS ESCOLARES “ROSALÍA, A SÚA CASIÑA, O MEU LAR” Á CASA-MUSEO DE ROSALÍA DE CASTRO NO ANO 2026 (EXPTE. 2025072442)

O presidente dá conta das bases do programa educativo de visitas escolares “Rosalía, a súa casiña, o meu lar” á Casa-Museo de Rosalía de Castro, aprobadas por Resolución Presidencial publicada no BOPPO núm. 9, de 15 de xaneiro de 2026, e que teñen por obxecto definir o conxunto de condicións e proceso que se seguirá para a concesión de 40 visitas guiadas á Casa de Rosalía para os centros escolares sostidos con fondos públicos da provincia de Pontevedra. A Deputación de Pontevedra financiará este programa coa dotación establecida na aplicación 26/334.3340.22799 do Orzamento provincial para o 2026, por un importe de trinta e un mil cincocentos (31.500,00) euros, dos cales 17.585,00 € destinaranse aos traslados e 13.915,00 € adxudicaranse á xestión do programa e a prestación dos servizos didácticos das visitas por parte da Fundación Rosalía de Castro.

Os centros educativos deberán concertar previamente a visita co Departamento de Educación da Casa-Museo de Rosalía de Castro e presentar a solicitude na sede electrónica da Deputación no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOPPO e na BDNS. Seguindo a estrita orde de entrada na sede electrónica, o servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos da Deputación de Pontevedra comunicarlles aos centros e ás empresas que vaian efectuar o transporte, a realización da visita e a autorización do gasto de traslado á Casa-Museo de Rosalía de Castro.



3.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA 2.ª CONVOCATORIA DAS RESIDENCIAS ARTÍSTICAS NOVOS VALORES DO MUSEO DE PONTEVEDRA EN COLABORACIÓN CON MADRID DESTINO, CULTURA, TURISMO Y NEGOCIO, S.A. E A FONDATION WALTER & NICOLE LEBLANC (EXPT.2025062371)

O presidente dá conta da resolución da 2.ª convocatoria das Residencias Artísticas Novos Valores do Museo de Pontevedra en colaboración con Madrid Destino, Cultura, Turismo Y Negocio, S.A. e a Fondation Walter & Nicole Leblanc, documento con CSV: 3KWBS5SO78YEFFQS, onde se recolle a composición da comisión de valoración, participantes admitidos, puntuacións e deliberación coa concesión do seguinte xeito:

Resultando que mediante Resolución Presidencial núm. 2025007758, de data 29 de setembro de 2025 (CSV: 5K2OU3PU1422M6CL), apróbanse as bases da segunda convocatoria de Residencias Artísticas Novos Valores do Museo de Pontevedra en colaboración con Madrid Destino, Cultura, Turismo y Negocio, S.A., e a Fondation Walter & Nicole Leblanc.

Conforme o recollido nas 15ª base que rexe o procedemento, mediante a Resolución Presidencial núm. 2025009422, de data 21 de novembro de 2025 (CSV):E4GF86GA972UL3MT, foi designada a Comisión seleccionadora para valorar as solicitudes presentadas no marco da segunda convocatoria de Residencias Artísticas Novos Valores do Museo de Pontevedra en colaboración co Centro de Residencias Artísticas de Matadero Madrid con Madrid Destino Cultura Turismo y Negocio, S.A. e a Fondation Walter & Nicole Leblanc; a dita comisión foi integrada polas persoas que se detallan a continuación:

Presidenta: Mª de los Ángeles Tilve Jar, directora do Museo, Deputación de Pontevedra.

Vogais:

- Luisa Espino de la Peña, responsable de Programa / Centro de Residencias Artísticas Matadero Madrid.*
- María Inés Rodríguez Fernández, directora da Fondation Walter & Nicole Leblanc en Bruselas.*
- Nerea Lores Acuña, técnica de produción do Museo, Deputación de Pontevedra.*
- Agar Ledo Arias, técnica de Procesos de Investigación do Museo, Deputación de Pontevedra.*
- Beatriz de San Ildefonso Rodríguez, conservadora de Fondos Xerais do Museo, Deputación de Pontevedra.*

Secretaria: Dña. Cruz Farto Justo, xefa de xestión do Museo de Pontevedra.

Con data de 4 de decembro de 2025, a Comisión Seleccionadora reuniuse para o análise das solicitudes presentadas no procedemento de referencia, adoptando o seguinte acordo:

Primeiro.- Admitir ós/ás participantes que se relacionan a continuación por cumpriron todos os requisitos establecidos nas bases que rexen a convocatoria:

(...)



Segundo.- Valorar cada una das solicitudes para o seu análise e avaliación segundo os criterios establecidos nas bases que regulan a convocatoria, e, tras a deliberación, por unanimidade da comisión, outórganse as seguintes puntuacións a cada unha das persoas participantes.

(...)

O resumo das puntuacións outorgadas son as que se recollen a continuación:

PARTICIPANTES	VALORACIÓN CRITERIOS AUTOMÁTICOS	VALORACIÓN CRITERIOS ARTÍSTICOS	PUNTUACIÓN TOTAL
MUSSA JUANE, SOL	10	85	95
PIÑEIRO FERNANDEZ, SARA	10	85	95
TORRES GUTIERREZ, BREOGÁN	10	80	90
LOPEZ BLANCO, NURIA	10	72	82
AGUILAR MARTIN, PABLO	10	66	76
OMIL RIVAS, CARMEN	10	55	65
CORDEIRO CERVIÑO, NEREA	8	54	62
IGLESIAS FERNANDEZ, ANTÍA	10	54	64
ARGIBAY PORTO, ADAN	10	54	64
VÁZQUEZ ESTÉVEZ, ALDARA	10	54	64
PAZOS PAZO, MARCOS	9	52	61
PINTOS ALFAYA, MÓNICA	10	45	55
RIAL COSTA, MANUEL	7	44	51
LOPEZ IGNACIO, LAURA	10	44	54
PUIME MARTÍNEZ, NEREA	2	44	46

En base ao exposto, de forma unánime, a comisión de valoración acorda propor que se outorguen as residencias artísticas Novos Valores do Museo de Pontevedra en colaboración co Centro de residencias artísticas de Matadoiro Madrid - Madrid Destino Cultura Turismo e Negocio, S.A e a Fondation Walter & Nicole Leblanc ás persoas que obtiveron as mellores puntuacións e que son as que se indican a continuación:

- Dña. Sol Mussa Juane*
- Dña. Sara Piñeiro Fernández*

Terceiro.- Acordase pola comisión que, no caso de que algún dos seleccionados renuncie á súa participación na residencia, propoñeráselle a participación a mesma á persoa que quedou en terceiro lugar, D. Breogán Torres Gutiérrez, e, de renunciar, a persoa que se atopa en cuarto lugar, Dna. Nuria López Blanco.

Tendo en conta o anteriormente exposto, polas facultades que me atribúen a Resolución Presidencial nº 2025008021 de data 03 de outubro de 2025, de delegación de competencias e, de conformidade co disposto na base 17ª da devandita convocatoria, RESOLVO:



Outorgar as residencias artísticas Novos Valores do Museo de Pontevedra en colaboración co Centro de residencias artísticas de Matadoiro Madrid - Madrid Destino Cultura Turismo e Negocio, S.A e a Fondation Walter & Nicole Leblanc que terán lugar no ano 2026, ás persoas que se relacionan a continuación:

- Dña. Sol Mussa Juane
- Dña. Sara Piñeiro Fernández

4.- DAR CONTA DOS DATOS DE PERSOAS VISITANTES AO MUSEO DE PONTEVEDRA DURANTE O ANO 2025 (EXPTE. 2026002713)

O presidente dá conta dos datos relativos ás visitas ao Museo de Pontevedra durante o ano 2025, facilitados e recollidos no seguinte informe remitido polo Museo:

O Museo, de titularidade provincial, é un dos museos máis sobranceiros de Galicia e unha institución de gran relevancia para a cidade de Pontevedra, con proxección e alcance alén do termo municipal e do territorio provincial; dotado actualmente cunha extraordinaria colección de obras de arte, pezas arqueolóxicas, documentos, libros e fotografías.

*Neste senso sinalar que os fondos que forman as coleccións do Museo son certamente heteroxéneas, pois inclúen diversas tipoloxías de materiais e abarca todos os períodos da Historia. A riqueza existente no Museo conleva a que ó longo do ano se reciben numerosas visitas, tanto para coñecer as obras expostas permanente como as exposicións de carácter temporal na que se inclúe no ano 2025 a Bienal de Pontevedra, obténdose un total de **208.667 visitantes** dende o mes de xaneiro e ata a o mes de decembro de 2025, converténdose no ano co maior número de visitantes dende o 2011. Os datos recollidos dende 2005 se detallan a continuación:*

2015	5.714	5.097	6.236	7.088	8.900	6.367	7.611	7.500	4.257	6.053	5.047	3.845	73.715
2016	4.984	4.592	4.272	7.509	6.972	5.579	5.939	30.503	14.762	11.929	5.794	4.643	107.478
2017	4.120	4.238	6.897	12.167	13.194	13.511	21.541	34.226	19.541	16.558	6.238	3.234	155.465
2018	2.673	3.557	9.234	13.994	13.668	14.318	21.576	29.060	17.002	14.676	5.508	3.844	149.110
2019	3.154	3.119	4.872	13.099	14.402	4.274	6.425	9.354	4.207	6.843	6.376	4.640	80.765
2020	4.905	3.802	1.640	0	0	774	8.694	24.572	6.179	4.684	1.042	1.589	57.881
2021	750	197	2.618	3.019	3.343	8.012	22.591	41.869	20.162	11.713	6.308	6.193	126.775
2022	5.180	2.932	7.386	13.269	10.260	14.669	22.299	43.755	26.213	19.149	5.191	3.565	173.868
2023	3.000	4.319	7.690	18.340	15.361	17.947	26.524	46.312	23.920	14.973	5.048	5.165	188.599
2024	3.813	3.384	6.287	6.776	8.049	5.986	19.027	39.479	25.061	17.129	5.877	5.008	145.876
2025	5.512	6.801	9.929	16.725	16.031	19.084	33.597	49.489	25.465	16.704	5.939	3.632	208.908



Resúmese o ano nas seguintes cifras:

- **Ruínas de San Domingos** (dende o 15 de marzo ata o 31 de outubro): 123.871 persoas visitantes (igual que o número de visitantes totais, o 2025 es el segundo año con maior número de visitantes dende o 2011, destacando do 2010 con 130.491 visitantes).
- **Edificio Fernández López** : 465 persoas visitantes.
- **Santa Clara**: 11.125 persoas visitantes.
- **Edificio Castelao e Sarmiento**. Visitantes totais: 73.206 Visitantes.
 - Visitantes escolares: 13.629 estudantes/as.
 - Visitantes individuais: 35.208 persoas visitantes
 - Visitantes en grupo: 10.590 persoas visitantes
 - Asistencia a Actos: 13.678 persoas visitantes

5.- DAR CONTA DOS DATOS DE VISITAS E PERSOAS USUARIAS DA BIBLIOTECA DO SERVIZO DE PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO E DO ATOPO -CATÁLOGO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO DOS FONDOS DO MUSEO DE PONTEVEDRA, DO SERVIZO DE PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO DA DEPUTACIÓN, DOS ARQUIVOS MUNICIPAIS E DOUTRAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS OU PRIVADAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, DURANTE O ANO 2025 (EXPTE. 2026002885)

O presidente dá conta dos datos relativos ás visitas e persoas usuarias da biblioteca do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico e do portal dixital ATOPO, catálogo documental e bibliográfico da Deputación, dos arquivos municipais e doutras institucións públicas ou privadas da provincia de Pontevedra, durante o ano 2025, facilitados e recollidos no seguinte informe asinado pola xefa do servizo:

1. Introducción

O presente informe recolle os principais datos estatísticos relativos á actividade da biblioteca durante o ano 2025, obtidos a partir dos informes elaborados co sistema de xestión Koha e dos datos facilitados polo servizo de Novas Tecnoloxías (NNTT) correspondentes ao portal Atopo. O obxectivo deste documento é ofrecer unha visión global da evolución do uso do servizo bibliotecario, tanto presencial como dixital, en relación co ano anterior.

2. Actividade da biblioteca (datos presenciais)

Durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025 rexistrouse un total de 1.305 préstamos, dos cales 674 corresponderon a préstamos a domicilio e 631 a préstamos en sala. Esta cifra supón un incremento do 12,69 % con respecto ao ano 2024, o que evidencia un aumento significativo no uso dos fondos da biblioteca.

No mesmo período, 190 persoas usuarias fixeron uso do servizo de préstamo ou consulta, o que representa un incremento do 6,74 % en relación co ano anterior.



A 31 de decembro de 2025, o número total de persoas rexistradas como usuarias da biblioteca ascendía a 1.416, cun aumento do 15,31 % respecto de 2024. Así mesmo, ao longo do ano déronse de alta 92 novas persoas usuarias, o que supón un incremento do 5,75 % en comparación co exercicio anterior.

3. Datos do portal Atopo

Segundo os datos facilitados polo servizo de Novas Tecnoloxías, o portal Atopo experimentou un notable crecemento ao longo de 2025. O número de visitas ao portal (pantallas vistas) acadou as 553.686, cun incremento do 20,85 % respecto de 2024.

No que atinxe ao uso do portal, rexistráronse 26.475 usuarios activos, o que supón un aumento do 188,3 %, e 25.963 usuarios novos, cun incremento do 203,24 % en relación co ano anterior.

4. Consideracións sobre o alcance dos datos

Cómpre salientar que os datos presenciais recollidos neste informe fan referencia exclusivamente á actividade da biblioteca do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico. Pola contra, os datos de Atopo inclúen todos os tipos de materiais dispoñibles no catálogo atopo, abrangendo biblioteca, cartoteca, fondos audiovisuais, arquivo, arquivos municipais e tamén biblioteca e arquivo do museo de Pontevedra.

5. Conclusións

Os datos correspondentes ao ano 2025 amosan unha evolución positiva tanto no uso presencial da biblioteca como no acceso aos recursos dixitais a través do portal Atopo. O incremento no número de préstamos, de persoas usuarias rexistradas e de altas anuais, xunto co notable crecemento das visitas e usuarios do portal, reflicte unha maior visibilidade e utilización dos servizos bibliotecarios, consolidando a súa relevancia como recurso cultural e informativo

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por concluída a reunión ás 13:00 horas do mencionado día, do que eu como secretaria dou fe.

